

A lectura protagoniza en Pontevedra o encontro de escritores galegos, bascos e cataláns O XVIII Galeusca celébrase do 2 ao 4 de Novembro

♦ C. VIDAL

Cúmpanse dezaioito anos do primeiro encontro de escritores galegos, bascos e cataláns. O Galeusca nace con vocación de poñer en contacto ás literaturas das tres nacións entre as que as pontes de comunicación eran practicamente inexistentes. Cada ano de xeito rotativo a organización recae nunha das tres Asociación de Escritores e, nesta ocasión, é a galega a encargada de artellar a cita que se celebrará en Pontevedra os días 2, 3 e 4 de Novembro e que terá na lectura o seu tema central.

A lectura: un espazo de comunicación é o lema do XVIII Encontro de Escritores Galegos, Bascos e Cataláns que se inaugura o día 2 de Novembro co relatorio do profesor Antón Figueroa titulado "Comunicación literaria, novas tecnoloxías e cultura única". Será a única conferencia do programa xa que a organización artellou o encontro arredor do que chaman "círculos de debate" no que participan de forma activa os escritores asistentes. Un deles analizará a lectura e os novos modos de comunicación e o outro responde ao título "Libro e sociedade: o porvir da cultura". As tres xornadas incluírán tamén un recital poético con escritores das tres nacións e un festival que protagonizarán en especial os máis novos lectores.

"Ademais de contemplar o espazo actual da lectura analizaranse tamén aspectos como o futuro do libro, o porvir da cultura ou o cambio nos costumes e as maneiras de comunicarse. O tema escollido ten así un alto interese público que vai máis alá dunha preocupación só de escritores", afirma Miguel Anxo Fernán Vello, secretario da Asociación de Escritores en Língua Galega, entidade encargada de organizar esta edición do encontro que terá, ao seu ver, "un carácter especial xa que esperamos que sexa participativo e transversal, fuxindo do ditado académico".

O último Galeusca galego celebrouse hai tres anos no Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago e o tema central era a relación da literatura coas artes plásticas. Nesta ocasión, o encontro cumpre en Pontevedra unha maioría de idade simbólica que, segundo Miguel Anxo Fernán Vello, o converte nunha "cita única e consolidada. Trátase dun modelo organizativo singular no ámbito europeo no que se estableceu xa historicamente unha liña de contactos e de coñecementos mútuos entre escritores das tres áreas lingüísticas. Só este intercambio faría xa un éxito dos Galeuscas".

Convide a outras literaturas

O coñecemento personal deixa de ser secundario en cada unha



Fotografías dos Galeuscas celebrados no ano 1999 e 2000.

das edicións e esta é unha opinión que comparten os participantes das tres literaturas. Por parte da Asociación de Escritores do País Basco, o seu presidente Andolin Eguzkitza opina que o que une ás tres escrituras é que "pertencen a países pequenos que non son dominantes no Estado Español e que teñen que encontrar novas técnicas de supervivencia". Afirma Eguzkitza que a non ser polos Galeuscas, o seu coñecemento de escritores galegos e cataláns sería moi reducido. "Somos escritores que temos que continuar reivindicando a nosa existencia. Para o centro do Estado somos realmente invisíbeis. Case todos os escritores galegos escriben en galego e eu, desde Euskadi, só coñecería a existencia de Manolo Rivas", engade. Aposta o presidente dos escritores bascos que sería interesante que outras literaturas das que el chama "de países pequenos", como son a eslovena ou a bretona, participa-

sen tamén nestas citas anuais xa que participan de problemas comúns.

Habitual asistente aos Galeuscas é o escritor valenciano Xulio Ricardo Trigo, representante da Asociación de Escritores Cataláns. Traductor de escritores galegos ao catalán, Xulio Ricardo Trigo acaba de ver publicado o seu primeiro libro verquido ao galego, *A desaparición de Evelyn*. "Os Galeuscas son a grande oportunidade de encontro entre tres culturas que, contra o que se di, non son minoritarias nos seus países pero que non teñen posibilidades de comunicación. A lousa do castelán non nos permite coñecemos", sinala, nunha afirmación que coincide coa dos representantes dos escritores galegos e euskeros. "Especial relevancia teñen as relacións pexonais e creativas que se dan en cada edición e que se van consolidando cos anos. Ábreanse camiños para un mellor coñecemento entre nós",

explica Trigo para quen é fundamental a convivencia entre os participantes neses tres días. A traducción entre as tres literaturas é unha aspiración e un tema recorrente en cada unha das edicións e, arredor do tema, os tres escritores coinciden en que "queda moito camiño por recorrer".

Con dezaioito anos os Galeuscas literarios adiantáronse no modelo de establecer comunicación entre os tres países. "Nese sentido foron vangarda de relacións sócio-literarias entre escritores. Son circuitos vivos e palpantes" sinala Fernán Vello tamén partidario de que, a partir desta edición, "o encontro se internacionalice máis para entrar en contacto con outras literaturas europeas", como propoñerá a AELG, anfitrión desta edición e que ten no calendario próximo outra cita relevante: a celebración do IV Congreso de Escritores Galegos que terá lugar os días 14 e 15 de Decembro en Vigo. ♦

Volto á casa

PILAR PALLARÉS

Quizais porque el, Manoel de Oliveira, ten bastantes máis anos que o seu personaxe, xa sabe o que aínda este terá dolorosamente que aprender: que calquer tentativa de facer fronte aos embates da vida ha conseguir, como moito, un éxito provisório e que o fracaso agarda sempre ao final.

Un recoñecido actor de teatro representa en París *Le roi se meurt* de Ionesco, co vello monarca a se alaiar pateticamente de compartir cos outros, cos que só son súbditos, o deterioro, a indefensión perante un tempo que o empurra cara a cova e o nada. Todos os nenos deberían levar, a partir dese momento, o seu nome; todos os libros terían que contar unha única historia, a del, e así entender fama e memoria. Acaba a funzón e a morte irrompe agora fora do escenario, detrás do telón. Un accidente arrebatou ao actor muller, filla e xenro. Restan-lle só un neto por criar e dúas vías de salvazón ás que se poder acoller. Unha é privilexiada: a gloria que lle fornece a arte, alimento tamén das vaidades; a outra forma parte da arte de vida de todos os que xa experimentaron moito e saben: contra a soidade e o vazio, as pequenas rotinas -descansar a horas fixas, as compras, a lectura cada día do mesmo xornal na mesma mesa do mesmo café. Son as que fan o mundo máis habitábel e crían a ilusión de que podemos domear o tempo. A vida é a nosa casa e povoamo-la de palabras insulsas e cotiás como os obxectos, de acenos repetidos. O vazio torna-se doméstico e suportábel. Tan inzado de reiteracións, até simula un sentido. Finximento que se volve única verdade, como saben instintiva ou talvez xeneticamente os animais, como imos lembrando os humanos a medida que maduremos e avellentamos. Pautar a vida para domear a morte, sobrevivir a custo de nunca máis vivir intensamente, exultantemente, como se a rutina pudesec criar o espellismo da significación e ao tempo faze-nos pasar desapercibidos. A vida é a miña casa e doméstico-a, mais habitada a brandamente, sen paixóns que podan acordar a Besta.

Mais esta acaba sempre por invadir a casa. Un ionqui rouba ao grande actor e converte-o en monarca desconcertado e descalzo nas ruas que coñeceran a súa gloria. Un impaciente director de cine destróna-o definitivamente por non saber repetir con todos os matices exactos os diálogos nun idioma alleo. Todos os reis son no seu final pallazos tristes e bufóns. "Volto á casa", á pequena casa só tixolo ou formigón ou pedra. Como un berce-rumba, agora que o mundo é lugar de exilio. ♦